



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se desafecta do dominio público unha parcela, integrada no predio en que está o Laboratorio Agrario e de Sanidade Animal, situado na avenida de Madrid, na cidade de Lugo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón a substitución de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se acorda o sometemento a arbitraje dos conflitos que poidan derivar da participación da Consellería do Medio Rural no Proxecto de Incorporación Agointec da Iniciativa Comunitaria Interreg-III-B.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia (0-3 anos).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento do mantemento do servizo de atención a persoas xordas, servizo de intérpretes de lingua de signos española e servizo integral para persoas xordas.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a remodelación da casa do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda a un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Nigrán para o acondicionamento do contorno da igrexa de Panxón.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Narón para a construción da biblioteca municipal e do seu equipamento no concello naronés.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o mantemento do emprego no sector e o compromiso plurianual que deriva deste.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun plan de dinamización do Courel.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda cláusula adicional ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) para o financiamento das funcións do soporte técnico, administrativo e de servizos que vaia desenvolver a Fegas na avaliación de tecnoloxías sanitarias, por un importe de corenta e oito mil oitocentos un euros (48.801).



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo sobre a calidade das augas superficiais de Galicia Costa.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Declaración institucional contra a violencia de xénero



A VICEPRESIDENCIA, CONCELLOS E O MINISTERIO DE TRABALLO INVESTIRÁN MÁIS DE 6,7 MILLÓNS DE EUROS NA CREACIÓN E MANTEMENTO DE ESCOLAS INFANTÍS

- *Este orzamento beneficia 59 concellos de toda Galicia, outros 15 co programa Preescolar na casa e a Mancomunidade de Concellos do Ribeiro*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión semanal celebrada hoxe, a sinatura dun convenio entre o Ministerio de Traballo e a Vicepresidencia da Xunta polo que ambas as dúas administracións investirán máis de 7,6 millóns de euros na creación e mantemento de escolas infantís para a atención á primeira infancia, entre 0 e 3 anos. Este acordo vincula ademais investimentos dos concellos en colaboración coa Administración galega.

En virtude deste acordo o departamento de Jesús Caldera inviste neste programa en Galicia 1,6 millóns de euros, unha achega completada pola Xunta e os concellos con 5,1 millóns de euros. Os beneficiarios deste programa de axudas ascenden a un total de 59 concellos de toda Galicia, outros 15 concellos adscritos ao programa "Preescolar na casa" polos seus casos específicos de dispersión poboacional, e á Mancomunidade de Concellos do Ribeiro.

Este convenio ten por finalidade o cofinanciamento por parte do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Vicepresidencia da Xunta de programas de atención á primeira infancia.

A achega a este programa por parte do Ministerio de Traballo supera os 1,6 millóns de euros, dos que máis de 425.000 son para escolas infantís dependentes das corporacións locais e os máis de 354.000 euros restantes corresponden á creación de prazas de atención á primeira infancia (0-3 anos) en servizos de titularidade de concellos ou empresas, agrupacións de empresas para a atención aos fillos dos seus traballadores ou promovidas pola iniciativa social.

Para favorecer que os concellos desde as súas competencias, dean resposta progresiva ás necesidades de atención á infancia no seu ámbito territorial o convenio conta cun orzamento de 3,3 millóns de euros que a Vicepresidencia inviste para o mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais. Concretamente nas Pontes de García Rodríguez, Abegondo, Ames, Arteixo, Arzúa Betanzos, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Cerceda, Corcubión, Culleredo, Melide, Miño, Narón, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Burela, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Quiroga, Vilalba, Viveiro,



Allariz, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, A Estrada, O Grove, Lalín, Meaño, Mondariz-Balneario, Mos, Pontearreas, Porriño, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Tomiño, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Ademais, mediante convenios cos concellos para o programa “Preescolar na casa” o investimento ascende a máis de 200.000 euros, para os concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Palas de Rei, Portomarín, Sarria, O Incio, Friol, Guntín, Láncara, Lugo e Monterroso. Deste importe, a Vicepresidencia achegará máis de 197.000 euros e as corporacións locais 8.100 euros.

O convenio tamén prevé actuacións de mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes de iniciativa social e 750.000 euros para a construción de escolas infantís en Xinzo da Limia, Laracha, Fene, A Cañiza, Barro e Baiona. Deste importe a Xunta aporta case 400.000 euros e o Ministerio de Traballo 354.000 euros.

Linguaxe de signos

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura dunha addenda ao convenio entre a Vicepresidencia do Goberno galego e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galiza (FAXPG) por importe de 100.000 euros, que se destinarán fundamentalmente a intérpretes da linguaxe de signos.

Esta addenda completará os 600.000 euros que xa tiña este colectivo en virtude do convenio en vigor, pero que lle quedara escaso ante a demanda destes profesionais da linguaxe de signos para dar servizo ás persoas xordas asociadas dentro da federación.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 1.051.772 EUROS NA CONSTRUCCIÓN E NO EQUIPAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE NARÓN

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio suscrito entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Narón para a construción da biblioteca municipal e a dotación do seu equipamento, na cal se invisten un total de 1.051.772 euros

O obxectivo da dita addenda é a redistribución das contías asinadas para os exercicios 2005 e 2006 que figuraban no convenio asinado en agosto de 2002.

Deste xeito, o orzamento que para tal fin se destinará este ano elévase a 523.421 euros (fronte aos 262.943 euros previstos no convenio inicialmente asinado), mentres que en 2006 a contía será de 55.641 euros (a prevista anteriormente era de 316.120 euros). O resto do orzamento xa foi formalizado nos exercicios 2002, 2003 e 2004.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 700.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA IGREXA DE PANXÓN, EN NIGRÁN

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 690.759 euros repartidos en dúas anualidades (430.759 euros en 2006 e os 260.000 euros restantes en 2007) para acometer as obras de acondicionamento do contorno da igrexa de Panxón, no concello pontevedrés de Nigrán.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda entre a Consellería e o Concello de Nigrán segundo a cal se redistribúen para os dous próximos anos as contías orzamentarias que figuraban no convenio inicialmente asinado en 2004 e que deberían terse formalizado entre 2005 e 2006.

Esta redistribución orzamentaria realízase logo da imposibilidade do Concello de Nigrán de realizar as obras por mor dos atrasos xurdidos na tramitación do proxecto debido a que se trataba dunha actuación en terreos do contorno BIC (Ben de Interese Cultural) e que, polo tanto, debe cumprir co establecido na Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 1.094.000 EUROS NAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA CASA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio asinado entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa asinado en agosto de 2002 e segundo o cal se invisten un total de 1.093.842 euros nas obras de remodelación da casa do concello.

O obxecto da dita addenda é adiantar na anualidade de 2005 o último pagamento de 480.305 euros que, no convenio inicialmente asinado, estaba repartido en dúas anualidades entre 2005 e 2006.

Deste xeito, adiántase o pagamento dunhas obras que xa están rematadas.



EDUCACIÓN RECOLOCA DOCENTES DO ENSINO CONCERTADO QUE PERDERON O SEU POSTO DE TRABALLO POLA REDUCCIÓN DE UNIDADES

- *A Administración educativa financiará o acordo investindo 1,5 millóns de euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado de Galicia colaborarán no mantemento do emprego no sector. Así o recolle un acordo que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia que terá unha vixencia de catro anos e no que a Administración educativa investirá 1,5 millóns de euros nos exercicios orzamentarios de 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009.

O acordo autorizado hoxe é consecuencia da orde do 6 de xullo de 2005 (DOG do 18 de xullo deste ano) pola que se aprobaron os concertos educativos para o período 2005-2009. Nesta revisión dos concertos resultaron afectados 12 docentes, polo que o presente acordo pretende recolocar estes profesores de educación primaria e de 1º ciclo da ESO que contan con habilitación para impartir primaria e que perdesen o seu posto de traballo como consecuencia da redución de unidades ou a extinción do concerto educativo do seu centro.

A Consellería de Educación financiará este acordo achegando en 2005 141.578,54 euros, que corresponderán aos meses que van desde setembro a decembro deste ano. En 2006, 2007 e 2008, a Administración educativa investirá 396.419,91 euros, e en 2009, 254.841,37 que incluírá as mensualidades de xaneiro a agosto. O acordo autorizado hoxe rematará a súa vixencia en agosto de 2009.

Segundo o documento que proximamente ratificarán as partes, poderanse acoller a el os centros privados concertados que, para o curso académico 2005-2006, contan con 12 ou máis unidades concertadas de educación primaria e a súa ratio profesor/unidade non fose superior a 1,32 no curso 2004-2005 e non superen a media de 1,40 para o presente ano académico.

A Administración educativa, as patronais máis representativas do ensino privado concertado e as organizacións sindicais veñen adoptando desde 1992 unha serie de medidas a prol do mantemento do emprego no sector do ensino privado concertado de Galicia.



NOMEADOS ONCE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

- *O decreto aprobado polo Consello da Xunta nomea aos novos representantes das centrais sindicais, do profesorado do ensino público, da Administración educativa e das personalidades de prestixio no campo da educación*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que se dispón a substitución de varios membros do Consello Escolar de Galicia.

Deste xeito, Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez representará as centrais sindicais; Raúl Gómez Farto o profesorado do ensino pública; Ángeles Villarnovo Cova o persoal de administración e servizos; José Luis Fernández Díaz o profesorado proposto polos movementos de renovación pedagóxica e María Lourdes Montero Mesa as personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación.

O decreto tamén recolle os nomeamentos do secretario xeral da Consellería de Educación, Benito Fernández, e dos directores xerais de Ordenación e Innovación Educativa, María José Pérez Mariño, e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Antonio Vázquez Vázquez, así como de Milagros Blanco Pardo, Alfonso Guitián Álvarez e José Manuel Mouriz Cabalo como representantes da Administración educativa.



MEDIO RURAL PARTICIPARÁ NAS NOVAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROXECTO AGROINTEC

- *O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC-Galicia) para o desenvolvemento de actuacións previstas no novo formulario de candidatura do proxecto Agroi-tec, que promove a produción autóctona de tecnoloxías para agricultura, gandería e industria agroalimentaria no suroeste europeo, por un importe total de 180.000 euros.*

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, forma parte do proxecto Agroi-tec, inserido na iniciativa Interreg-III-B-Sudoeste, de cara a promover a produción autóctona de tecnoloxías para a agricultura, gandería e industria agroalimentaria no suroeste europeo.

A introdución de modificacións do convenio inicial, así como a incorporación de novos socios, fan necesaria a sinatura dun novo documento actualizado. No proxecto Agroi-tec aprobado figura no caso de Galicia, como entidade asociada única, o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC Galicia), empresa pública especializada na promoción, difusión e asesoramento en materia de cultura emprendedora e innovación tecnolóxica. Malia a vixencia do convenio con BIC Galicia ter rematado o 30 de setembro de 2005, con posterioridade a esa data introducíronse cambios no proxecto Agroi-tec que motivan a necesidade de subscribir un documento adicional de colaboración con esa entidade pública para desenvolver as actuacións previstas no novo formulario de candidatura do proxecto e cunha vixencia ata o 31 de decembro de 2005.

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, acordou tamén un decreto para a inclusión dunha cláusula no convenio, de acordo coa Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, pola que se acorda o sometemento a arbitraje dos conflitos que poidan derivar da participación da Consellería do Medio Rural no proxecto de cooperación Agroi-tec da iniciativa comunitaria Interreg-III-B-Sudoeste.



MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ELABORARÁN O PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COUREL

- *A Consellería do Medio Rural considera de especial interese unir esforzos coa Universidade de Santiago de Compostela co fin de elaborar unha proposta rigorosa para o desenvolvemento do Courel que se concrete nun plan de dinamización da zona, concibido como proxecto piloto.*

O Consello da Xunta acordou hoxe, por iniciativa da Consellería do Medio Rural, autorizar a prórroga do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a elaboración do Plan de dinamización do Courel.

O importe total que lle achegará AGADER á USC é de 144.000 euros como compensación pola realización das actividades. Tras a entrega da primeira fase do traballo, a finais de decembro, consistente na análise do medio físico, ambiental e dotación de infraestruturas e equipamentos, así como o avance da análise poboacional e socioeconómica da zona do Courel, AGADER aboaralle á USC o 30% do custo total do proxecto e o 70% restante entregaráselle tras a recepción de conformidade do plan.

Para a elaboración do Plan de dinamización do Courel, con contidos e en condicións de calidade suficientes, faise necesario prorrogar o prazo de execución do convenio ata o 30 de xuño de 2006, dada a complexidade dos estudos e dos traballos necesarios por parte da USC. Esta prórroga supón unha modificación das anualidades inicialmente aprobadas, de xeito que se mantén o orzamento previsto para 2004, de 43.200 euros, e a contía de 100.800 euros, correspondente inicialmente a 2005, pasa ao exercicio de 2006.

A Consellería do Medio Rural considera de especial interese unir esforzos coa Universidade de Santiago de Compostela co fin de elaborar unha proposta rigorosa para o desenvolvemento do Courel que se concrete nun Plan de dinamización da zona concibido como proxecto piloto para outras accións futuras similares que se decidan pór en marcha noutros espazos. Isto servirá, ademais, de referente para artellar futuras actuacións coordinadas entre a USC e AGADER en cumprimento dos fins previstos por ambas as dúas institucións.

O Courel ten unha densidade de poboación das máis baixas de Galicia e a súa estrutura socioeconómica reflicte a existencia de desequilibrios que supoñen o principal obstáculo para o normal funcionamento, potenciación e desenvolvemento.



SANIDADE E SERGAS DESTINAN 48.801 EUROS Á FEGAS PARA SOPORTE TÉCNICO, ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS DOS PROXECTOS DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

A Consellería de Sanidade e o Sergas destinan un total de 48.801 euros á Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), para o financiamento das funcións de soporte técnico, administrativo e de servizos dos proxectos de avaliación desenvolvidos pola Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

O importe autorizado polo Consello da Xunta de hoxe inclúe o apoio loxístico para as reunións técnicas, a xestión económica e o apoio administrativo destes proxectos de avaliación.

Esta é unha segunda cláusula adicional ao convenio de colaboración que existe entre estas entidades, e que ten por obxecto que a FEGAS desenvolva, entre outras, actividades de formación, investigación sanitaria e avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Entre as funcións da FEGAS inclúense a docencia, a formación e a investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria e de saúde pública. Esta Escola dirixe a súa actividade tanto aos profesionais da sanidade galega como a aqueles interesados no desenvolvemento sanitario de Galicia.



MEDIO AMBIENTE FINANCIA UN ESTUDO SOBRE A CALIDADE DAS AUGAS DA BACÍA GALICIA COSTA

- *A Consellería achegará 170.776 euros para custear esta investigación, que realizará a Universidade de Santiago de Compostela*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financia un estudo sobre a calidade das augas superficiais da bacía Galicia Costa. Así se aprobou no Consello da Xunta que tivo lugar no día de hoxe. Mediante este acordo, establécese que o departamento autonómico aportará 170.776 euros para esta investigación, que realizará un equipo da Universidade de Santiago de Compostela. O financiamento repartirase en tres anualidades, as de 2005, 2006 e 2007, de 21.345, 85.383 e 64.037 euros, respectivamente.

Durante o período de vixencia do convenio recolleranse mostras de 34 estacións de ríos pertencentes á bacía Galicia Costa, con periodicidade mensual, trimestral e anual. Unha vez recollida a información experimental farase unha análise dos resultados co fin de elaborar un mapa de calidade das augas superficiais. O establecemento dos índices de calidade permitirá clasificar os lugares nos que existen puntos contaminantes, analizar as causas e propor medidas correctoras.



O GOBERNO PIDE O COMPROMISO E A REFLEXIÓN DA SOCIEDADE GALEGA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- *A Xunta de Galicia aprobou hoxe unha declaración institucional con motivo desta data, que se conmemora mañá 25 de novembro*

O Goberno galego -por iniciativa da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar- aprobou na súa xuntanza de hoxe unha declaración institucional con motivo do Día Mundial contra a Violencia de Xénero, que se conmemora mañá, día 25 de novembro. O Executivo cualifica esta xornada como un “día para a reflexión e para o compromiso de toda a sociedade galega contra a violencia de xénero”, ante a que a Xunta se compromete a desenvolver as actuacións institucionais precisas para previr e paliar esta problemática.

A declaración sinala que a sociedade de Galicia, xunto co Goberno, debe camiñar “cara ao compromiso de todos os homes e mulleres para facer visible o seu rexeitamento a calquera forma de violencia contra as mulleres”, un camiño para o que se salienta o papel da educación como fundamental para fomentar un cambio de actitudes no seo da sociedade.

A Xunta de Galicia, a través da declaración aprobada hoxe, manifesta o seu firme compromiso para traballar na prevención de situacións de violencia contra as mulleres, mediante a posta en marcha das iniciativas necesarias para fortalecer a autonomía política, económica e social das mulleres. O Goberno galego comprométese, ademais, a atender ás vítimas de malos tratos -garantindo en todo momento a súa seguridade-, así como a apoiar a súa recuperación social.

Por último, a declaración recolle o compromiso da Xunta para promover a elaboración participativa dunha lei de prevención da violencia de xénero e apoio integral ás vítimas.